



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 22 de setembro de 2016

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

No salón de sesións da casa do concello presidindo o concelleiro e primeiro tenente de alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Inadmisibilidade do recurso de reposición presentado por don Manuel xxxxx contra o acordo da Xunta de Goberno do 21 /07/2016**
- 3. Aprobación de addenda ao convenio para realizar accións de mellora nos puntos limpos**
- 4. Requirimentos de limpeza de leiras con maleza**
- 5. Solicitud de subvención programa CIM, SI427B , ano 2016**
- 6. Xustificación de subvención concedida para o mantemento do servizo de normalización lingüística, ano 2016**
- 7. Xustificación da subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais**
- 8. Xustificación do funcionamento do Fondo de Compensación Ambiental , ano 2016, destinada a actividades locais de Galicia**
- 9. Aprobación do proxecto básico e de execución de conservación das fachadas e do interior da capela da San Sebastián de A Granxa.**
- 10. Aprobación de facturas**
- 11. Adxudicación do contrato do servizo de clases de inglés**

- 12. Aprobación da modificación do proxecto melloras de accesibilidade e sinalización do Pico Sacro**
- 13. Devolución de avais**
- 14. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos presentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de setembro do 2016.

2. Inadmisibilidade do recurso de reposición presentado por don Manuel xxxxx contra o acordo da Xunta de Goberno do 21 /07/2016

ANTECEDENTES

Á Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o 21 de xullo de 2016, aprobou definitivamente o proxecto de compensación SAUI-2, coas modificacións indicadas no informe de data 1 de xullo de 2016, asinado polo técnico redactor do proxecto de compensación don Alfredo Varela Nogueira, e aprobado inicialmente pola asemblea xeral extraordinaria da xunta de compensación que tivo lugar o 13 de xullo de 2016, téndose deste xeito pr executado o FALLO da sentenza 168/2016, de data 10 de marzo de 2016, do T.S.X.G sala do contencioso administrativo, sección segunda.

Dito acordo foi publicado no BOP do 2 de agosto de 2016, así como na páxina web municipal.

Con data 5 de setembro de 2016, rexistro entrada nº 1875, recíbese no concello un recurso de reposición presentado por don José Manuel xxxxx en nome propio e na representación da comunidade hereditaria de don José xxxxx, dina Herminda xxxxx, Axencia Inmobiliaria Raviña, S.L, Emprendementos Inmobiliario do Sáramo, S.L e Raviña, S.L.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 103 da Lei de Xurisdición Contencioso Administrativa, establece que *“a potestade de facer executar as sentencias corresponden exclusivamente aos xulgados e tribunais desta orde xurisdicional e o seu exercicio compete ao que coñecese o asunto en primeira ou única instancia.”*

Neste caso o concello limitouse a executar a senteza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos termos nos que na mesma se deducen, segundo o criterio do técnico municipal e do redactor do proxecto de compensación.

Por outro lado, non se trata dun acto iniciativa do Concello de Boqueixón, senón dunha obriga imposta por unha sentenza xudicial.

Consecuentemente, se o recorrente considera que o cumprimento da sentenza polo concello non se adecúa ao contido da propia sentenza, corresponderá ao xulgado que a ditou esixir o

seu cumprimento no sentido que proceda, a instancia de parte tal como así se regula no apartado 5 do citado artigo 103 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Á vista do cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Non admitir o recurso de reposición interposto por don José Manuel xxxxx contra o acordo da Xunta de Goberno do 21 de xullo 2016, sobre a aprobación definitiva do proxecto de compensación.
2. Comunicar este acordo ao Sr. xxxxx aos efectos que estime oportunos.

3. Aprobación de addenda ao convenio para realizar accións de mellora nos puntos limpos

Por resolución da alcaldía de 28 de abril do 2016 aprobouse a adhesión ao convenio en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Así mesmo, informábase, nunha circular emitida pola FEGAMP, de que se modificaría a cláusula VI.1. para que tamén poidan acollerse a este convenio os concellos con puntos limpos construídos pola Xunta de Galicia entre os anos 2001 e 2005

Con data do 6 de setembro de 2016, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinaron unha addenda ao convenio para realizar accións de mellora nos puntos limpos coas seguintes finalidades:

- Ampliar o obxecto do convenio, de xeito que atendendo ás particularidades dos puntos limpos, se subministre o equipamento, que destinado á recollida e clasificación de Residuos de aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEE), mellor se adapte ás necesidades do punto limpo que se trate.
- Ampliar a dotación orzamentaria e reaxustar a anualidade de 2016.
- Abrir o ámbito subxectivo do convenio a todas as entidades locais titulares de puntos limpos construídos pola Xunta de Galicia.
- Abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a adhesión ao convenio en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos coa addenda, para a modificación do convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, que se transcribe a continuación:

Addenda para a modificación do convenio marco de colaboración entre a administración xeral da comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, DONA BEATRIZ MATO OTERO, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), nomeada para dito cargo polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, e en relación co establecido no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, ALFREDO LAUDELINO GARCÍA RODRÍGUEZ, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 30 de outubro de 2015.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas partes recoñecen o convenio Marco de Colaboración asinado o 30 de marzo de 2016 entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctrico e electrónicos.

Segundo.- Que de conformidade co disposto na cláusula I letra a) do Convenio, este ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra-municipal de Galicia do equipamento para a recollida de Residuos de Aparellos Eléctricos e electrónicos (RAEE) que se indica a continuación:

- Medios para a pesada dos RAEE recollidos.
- Marquesiñas para o almacenamento dos RAEE.
- Barreiras de estanquidade e beirís perimetrais.
- Carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE.

Terceiro.- Que de conformidade co disposto na cláusula I, letra b) do Convenio, o orzamento estimado do investimento ascende á cifra de 536.979,85 €, IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

EXERCICIO	ORZAMENTO	IVE	TOTAL	FINANCIAMENTO
2016	252.066,00 €	52.933,86 €	304.999,86 €	80% FEDER 20014-2020
2017	191.719,00 €	40.260,99 €	231.979,99 €	
TOTAL	443.785,00 €	93.194,85 €	536.979,85 €	

Cuarto.- Que a cláusula VI punto 1 do convenio prevé que poderán solicitar a adhesión ao Convenio as entidades locais que dispoñan dun Punto Limpo de titularidade municipal construído ao amparo do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, sempre que, antes di 31 de decembro de 2016, estean en disposición de reunir as características que se relacionan no citado punto 1.

Quinto.- Que a cláusula VI punto 2 do convenio establece que as entidades locais interesadas en adherirse ao convenio deberán comunicalo, no prazo de un mes, desde a sinatura do presente convenio.

Sexto.- Que tendo en conta o obxecto do convenio, adaptar os puntos limpos de titularidade das entidades locais aos obxectivos previstos no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, é necesario proceder a modificar o convenio actual coas seguintes finalidades:

- Ampliar o obxecto do convenio, de xeito que atendendo ás particularidades dos puntos limpos, se subministre o equipamento, que destinado á recollida e clasificación de Residuos de aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEE), mellor se adapte ás necesidades do punto limpo que se trate.
- Ampliar a dotación orzamentaria e reaxustar a anualidade de 2016.
- Abrir o ámbito subxectivo do convenio a todas as entidades locais titulares de puntos limpos construídos pola Xunta de Galicia.
- Abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes.

Polo exposto, ambas partes acordan subscribir a presente addenda para a modificación do convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, para contribuír así á mellor adecuación dos puntos limpos aos requisitos establecidos no Real Decreto 110/2015.

ACORDOS

Primeiro.- Modificar o expositivo sétimo, que queda redactado do seguinte xeito:

Sétimo.- Que o cumprimento da citada disposición transitoria segunda do Real Decreto 110/2015, esixe acometidas actuacións de adaptación naqueles puntos limpos construídos pola Xunta de Galicia.

Segundo.- Modificar a cláusula I do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:

I. OBXECTO E ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

a) Obxecto.

Este convenio ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra-municipal de Galicia do equipamento que, para a recollida e clasificación de RAEE, sexa necesario para contribuír a adaptar os puntos limpos aos requisitos do Real Decreto 110/2015.

b) Orzamento estimado

O Orzamento estimado do investimento ascende á cifra de 1.748.268,50 euros, IVE incluído. Aos efectos orzamentarios, as anualidades do investimento previsto son:

Anualidade	Orzamento	IVE	Total	Financiamento
2016	65.000,00 €	13.650,00	78.650,00 €	80% FEDER 20014-2020
2017	1.379.850,00 €	289.768,50 €	1.669.618,50	
TOTAL			1.748.268,50	

As anteriores previsións da programación económica poderán ser revisadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio durante o desenvolvemento da

actuación, dando coñecemento dos cambios, no seu caso, á Comisión de Seguimento prevista na Cláusula VII.

Os compromisos de carácter económico determinaranse sobre a base do custo real da actuación de conformidade coa Cláusula V deste Convenio. O importe total do investimento dependerá dos custos reais incorridos pola Consellería.

Terceira.- Modificar o punto 1 da cláusula III do convenio, que queda redactado do seguinte xeito:

1. Para a execución dos compromisos asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, reservárase con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541D 623.1 a cantidade de un millón setecentos corenta e oito mil douscentos sesenta e oito euros, con cincuenta céntimos 1.748.268,50 € coa seguinte distribución anual:

- Anualidade 2016: 78650,00 €
- Anualidade 2017: 1.669.618,50 €

Cuarto.- Modificar o punto 1 da cláusula VI do convenio, que queda redactado do seguinte xeito:

1. Poderán solicitar a adhesión ao presente convenio as entidades locais que dispoñan dun punto limpo de titularidade municipal ou supra-municipal construído pola Xunta de Galicia, sempre que, antes do 31 de decembro de 2016, estean en disposición de reunir as seguintes características:

- a. Estean autorizados para a xestión do punto limpo, ou en trámite de obter a pertinente autorización. No caso de que a entidade local optara por externalizar a xestión do punto limpo, a adxudicataria do servizo deberá contar coa pertinente autorización de xestión.
- b. Estean adheridas ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas colectivos de Responsabilidade Ampliada do Productor de Resíduos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos, vixente.
- c. Non ter sido obxecto de sanción firme en vía administrativa por deficiencias na xestión do punto limpo no último ano, e en caso de selo, ter subsanado as deficiencias a consecuencia das cales se lle impuxo a sanción.

Quinto.- Abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes de adhesión, dous (2) meses dende a sinatura da presente addenda.

En proba de conformidade, as partes asinan a presente Addenda no lugar e data sinalados no encabezamento, quedando un exemplar en poder de casa unha das partes.

Pola Xunta de Galicia
A conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

Pola FEGAMP
O presidente da Federación Galega de
Municipios e Provincias

Beatriz Mato Otero

Alfredo Laudelino García Rodríguez

4. Requirimentos de limpeza de leiras con maleza

A) REQUIRIMENTO DE LIMPEZA DE LEIRA NO LUGAR DE xxxxx - LEDESMA

O 6 de setembro do 2016 co número de entrada 16/1884, don José xxxxx, con domicilio en xxxxx – Ledesma, presenta escrito solicitando a limpeza da leira, identificada coa referencia catastral 15012A043005220000EI, propiedade de dona Antonia xxxxx, e que linda coa súa vivenda, por estar chea de maleza e con risco elevado de incendio.

Axunta fotografías do estado actual da leira, plano de situación catastral e plano de situación urbanística.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a leira é propiedade de dona Antonia xxxxx, polígono 43, parcela 522.

Según informe do técnico municipal, do 19 de setembro do 2016: *“Feita inspección técnica no lugar de xxxxx - Ledesma, compróbase que a leira número 522, polígono 43, dedicada a monte está con abundante maleza e a menos de 50 metros perimetrais da vivenda do denunciante, don José xxxxx*

Existe perigo de incendio e de insalubridade.

Non se respecta o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.

- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).**

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir á propietaria da leira de monte número 522, polígono 43, dona Antonia xxxxx para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de don José xxxxx.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
3. Dar trámite de audiencia á citada propietaria para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

B) REQUIRIMENTO DE LIMPEZA DE LEIRA NO LUGAR DE xxxxx - BOQUEIXÓN

O 5 de setembro do 2016 co número de entrada 16/1880, don Antonio xxxxx e M^a Carmen xxxxx, con domicilio xxxxx , presentan escrito solicitando a limpeza da leira, identificada co número 3 según os plans de concentración parcelaria do Concello de Boqueixón, e que linda coa súa propiedade, por estar chea de maleza e con risco elevado de incendio.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a leira é propiedade de dona Lourdes xxxxx, polígono 508, parcela 3, situada en xxxxx - Boqueixón.

Según informe do técnico municipal, do 19 de setembro do 2016: “*Feita inspección técnica no lugar de xxxxx , Boqueixón, compróbase que a leira número 3, polígono 508, está con abundante maleza e a menos de 50 metros perimetrais da vivenda do denunciante, don Antonio xxxxx e M^a Carmen xxxxx.*

Existe perigo de incendio e de insalubridade.

Non se respectan o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural)**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal...”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir á propiedade da parcela número 3, polígono 508, dona Lourdes xxxxx para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de don Antonio xxxxx e M^a Carmen xxxxx.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
3. Dar trámite de audiencia á citada propiedade para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

C) REQUIRIMENTO DE LIMPEZA DE LEIRA NO LUGAR DE xxxxx - CODESO

O 12 de setembro do 2016, co número de entrada 16/1945, dona Rosario xxxxx, con domicilio en Codeso – xxxxx, expón que a carón da súa vivenda existe unha leira con abundante maleza e que supón un risco de incendio .

Manifesta que dita leira ten a referencia catastral número 15012A509000840000WI. Adxunta plano de situación catastral

Solicita que se proceda coa súa limpeza.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a leira é propiedade de Grupo xxxxx SA, polígono 509, parcela 84, situada en xxxxx – Codeso.

Según informe do técnico municipal, de data 19 de setembro do 2016, “*compróbase que no lugar de Codeso - xxxxx, a carón da vivenda de dona Rosario xxxxx, existe unha leira con abundante maleza.*

Elo supón claramente unha situación de insalubridade e de perigo de incendio.

A distancia existente desde a citada leira , número 84, polígono 506 de Codeso – xxxxx ata a vivenda é de 2,5 metros lineais”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”
- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural)**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir ó propietario da leira número 84, polígono 509, do lugar de xxxxx - Codeso, Grupo xxxxx SA, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de dona Rosario xxxxx.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ó citado propietario para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

D) REQUIRIMENTO DE LIMPEZA DE LEIRA NO LUGAR DE xxxxx - SERGUDE

O 24 de agosto do 2016 co número de entrada 16/1802, don José xxxxx, en representación de dona Isabel xxxxx, presenta escrito solicitando a limpeza dunha leira, denominada xxxxx en Sergude, polígono 505, número 396 e que linda coa súa propiedade e, por estar chea de maleza e con risco elevado de incendio.

Adxunta copia de plano e referencia catastral.

Según informe do técnico municipal, do 19 de setembro do 2016: *“Feita inspección técnica no lugar de xxxxx en Sergude, Boqueixón, compróbase que a leira número 396, polígono 505, está con abundante maleza e a menos de 50 metros perimetrais dunha edificación do denunciante, don José xxxxx.*

Existe perigo de incendio.

Non se respectan o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte,** de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.

- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).**

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir ós propietarios da parcela número 396, polígono 505, herdeiros de dona Juana xxxxx para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto dunha edificación de don José xxxxx.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
3. Dar trámite de audiencia os citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

5. Solicitude subvención programa CIM, SI427B , ano 2016

O 5 de setembro do 2016 sae publicado no DOG número 168 a Resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Esta resolución de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento aprobado por RD 887/2007, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar no ano 2016 das subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actividades e actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica e social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular en risco de exclusión ou en situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

No artigo 1.1) establécese que as actuacións sinaladas poderanse desenvolver a través dos seguintes programas:

a) Programa de conciliación

b) Programa de prevención da violencia de xénero

c) Programa de apoio os CIM (centros de información á muller)

O artigo 4.3 establece que para poder ser beneficiaria da subvención do CIM a entidade local ten que ser titular dun centro de información ás mulleres acreditado segundo o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento. Poderase presentar solicitude individual ou conxunta para a xestión compartida da prestación deste servizo, mediante agrupación ou asociación das entidades titulares de CIM ou con outros concellos que non o teñan acreditado.

O artigo 8.3 sinala que para o caso de que a poboación do ámbito territorial de actuación do CIM sexa de 5.001 e ata 15.000 habitantes, o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 40 mulleres, das cales cando menos seis deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de tres intervencións.

O concello de Boqueixón e Touro suman un total de 8.099 habitantes.

Serán gastos subvencionables os custos directos de persoal que desenvolva funcións no CIM: gastos directos do persoal, neste caso os postos de directora / asesora xurídica e psicóloga (serán subvencionables as retribucións salariais totais do persoal propio da entidade correspondentes o servizo do CIM subvencionado, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á seguridade social a cargo do empregador. (Artigo 9.1a).

Serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de abril de 2016 ata o 31 de marzo de 2017.

As entidades beneficiarias deberán identificar e xustificar de maneira independente os gastos directos de persoal, segundo as horas efectivamente traballadas dedicadas a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, que se imputarán en cada exercicio. Os gastos de persoal correspondentes o período 1-04-2016 e o 30-11-2016, imputaranse o exercicio 2016 e os gastos correspondentes ó período 1-12-2016 e 31-03-2017, ao exercicio 2017.

Para a determinación do importe da subvención establécense custos unitarios por hora efectivamente traballada 19,42 €, ata un máximo de 1.720 horas , correspondente a unha

dedicación dun ou dunha profesional a tempo completo durante un período de doce meses , de acordo co previsto no artigo 68.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello , do 17 de decembro de 2013.

A contía máxima da axuda será de ata 30.000 euros cando a dedicación ao CIM sexa a tempo completo e cando sexa a tempo parcial, salvo dirección do CIM que sempre será a tempo completo, a contía máxima será de 18. 000 euros.

Cando se teña que recorrer á contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou atención psicolóxica establecidos no Decreto 182/2004, aplicarase o custo hora correspondente e a contía máxima da axuda será de 14.000 euros.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar axuda económica respecto do programa de apoio ao CIM de Boqueixón, para gastos de persoal segundo o custo unitario por horas traballadas, sendo a contía solicitada para o posto de directora/asesora xurídica e atención psicolóxica para o período 01-04-2016 a 30-11-2016 de 18.666,66 € e para o período 01-12-2016 a 31-03-2017 de 9.333,34 € .

Total da axuda solicitada **28.000 euros**.

Os gastos de persoal segundo o custo unitario/horas traballadas para o posto de directora/asesora xurídica e atención psicolóxica para o período 01-04-2016 a 30-11-2016 ascende a 19.730,72 euros e para o período 01-12-2016 a 31-03-2017 ascende a 9.884,78 euros.

2. Designar como representante ante á Secretaría Xeral de Igualdade, dos concellos asociados, ó Alcalde de Boqueixón, don Ovidio Rodeiro Tato.

3. Designar a dona Cristina Carbajales Nouriño, que ocupa o cargo de directora – avogada do CIM para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade.

4. Financiar o custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade para a súa completa realización.

5. Aprobar a seguinte memoria descritiva do funcionamento do CIM , medios persoais adscritos ó CIM e horarios de prestación do servizo:

Medios persoais adscritos ó CIM , número de horas e horario semanal da prestación do servizo:

Denominación posto	Nome e apelidos	Tipo vinculación	Funcións básicas
Directora/Avogada	Cristina Carbajales Nouriño	Laboral-temporal	Dirección do CIM Asesoramento xurídico e Coordinación activ. do CIM
